



## *La revuelta de las mujeres en la Iglesia. Alzamos la voz*

Pilar Calle Humanes, Mercedes López Herrera, Silvia Martínez Cano, Pepa Moleón Caro, Mabel Ruiz Ruiz, Pepa Torres Pérez, Marisa Vidal Collazo.  
Ed. La Imprenta, Madrid, 2022

A Revolta de Mulleres na Igrexa é un movemento xa coñecido polas lectoras e polos lectores de *Encrucillada*, pois temos publicado diferentes colaboracións sobre as súas actividades nos números 217, 222 e 225, amén das referencias nas sucesivas crónicas da Igrexa que asina Manuel Regal Ledo. A Revolta aglutina mulleres de longa traxectoria eclesial que de xeito máis ou menos consciente están tamén involucradas no feminismo, o movemento social pola igualdade. Non somos recentemente chegadas nin á Igrexa nin ao feminismo, pois estamos inseridas en diferentes parroquias, comunidades e movementos eclesiais (como a HOAC ou as Comunidades de Vida Cristiá) e algunhas congregacións relixiosas. Coñecemos, xa que logo, e amamos a Igrexa, e porque a amamos

dámonos conta de que necesita un cambio nas súas estruturas, un cambio que a faga máis humana, máis parecida ao Reino de Xesús de Nazaré. Por ese cambio apostamos e nel implicamos as nosas vidas. Partimos dunha necesidade, a de poder falar e dicir a Deus desde a nosa realidade de vida, coas nosas palabras e cos nosos xestos, co noso corpo e coas nosas historias de mulleres. Móvenos un desexo: o de vernos e sentirnos fillas de Deus, irmás de toda a Humanidade, sentadas na mesma mesa, en igualdade e corresponsabilidade.

A Revolta saíu á rúa por primeira vez nos territorios do estado español en concentracións convocadas ás portas das catedrais en marzo do ano 2020, para celebrar o día das mulleres. O seu inicio pareceu verse frustrado coa irrupción

da pandemia (o confinamento decretado o 14 de marzo mesmo impediu que nalgunhas cidades a Revolta puidese saír á rúa), pero o amor á Igrexa que queremos ver como verdadeira nai, e a teimosía do noso empeño fíxonos desenvolver habilidades e estratexias que, aínda metidas na casa, reforzaron o noso movemento.

Agora, pasados dous anos, despois de moitos encontros e accións, reivindicativas e celebradoras, que nos uniron e estenderon ao longo de todo o estado español e mesmo ecoaron fóra das nosas fronteiras, atrevémonos a dicir a nosa palabra, amorosa e contundente, sororal e transformadora, a toda a Igrexa. É por iso polo que escribimos este libro, que foi posible grazas a un equipo de sete mulleres implicadas na causa do Reino de Deus. Estas somos as autoras nalgunhas das nosas militancias:

Pili Cale Humanes pertence á comisión permanente de *Alcem a Veu* e o grupo de Mulleres da HOAC de Barcelona.

Mercedes López Herrera foi cofundadora de EFETA, a Escola Feminista de Teoloxía

de Andalucía, e pertence ao grupo de Mulleres e Teoloxía de Sevilla.

Mabel Ruiz Ruiz, de Mulleres e Teoloxía de Zaragoza, forma parte da comunidade cristiá do barrio do Torrero, en Zaragoza.

Marisa Vidal Collazo pertence á Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria e ao Consello de Redacción desta revista, *Encrucillada*.

Pepa Moleón Caro está implicada na Revolta de Mulleres de Madrid e o Consello de redacción da revista *Alandar*.

Pepa Torres Pérez milita na Rede Interlavapiés e na Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana Feminina.

Silvia Martínez Cano é a presidenta da Asociación de Teólogas Españolas.

Os nosos percorridos eclesiais son amplos, ricos en entrega e compromiso. Asumimos este reto respondendo ao desexo e ao clamor de moitas mulleres que, en todo o mundo, traballan na construción dunha Igrexa na que a igualdade sexa costume. É así que xa na presentación do libro salta o principal motivo que nos levou a

acometer este acto de rebeldía editorial: a situación das mulleres na Igrexa católica é unha vulneración de dereitos e a súa restitución é unha cuestión de xustiza.

Por outra banda, o recoñecer a igualdade dentro da Igrexa ofrécesenos como unha oportunidade de conversión para toda a comunidade eclesial. O camiño que estamos a abrir é indispensable, ineludible, imparabile... É un camiño que percorremos sentíndonos habitadas pola Ruah, o Espírito da Sabedoría de Deus, que nos alenta e impulsa, que nos fai ir máis aló, porque... aí de nós se non anunciamos esta Boa Nova!

O libro é tamén un exercicio de sororidade, de camiño común con pasos compartidos, un trezado de moitas e moi boas mans que, cos seus escritos, son o claro reflexo da alianza feminina e feminista que implica a Revolta de Mulleres na Igrexa, así como da polifonía que nos define.

Abre a obra desde Italia a historiadora e xornalista Lucetta Scaraffia, autora do prólogo, que nos anuncia: «Este libro é unha proba importante de

como, mentres a institución eclesiástica non cambiou, as mulleres si o fixeron». Como ben apunta, as mulleres loitamos para cambiar as normas canónicas que nos afogan.

Despois do prólogo seguen catro partes e un amplo apartado de anexos. Cada parte conclúe cun apéndice práctico, que pon en xogo a quen le, porque o pensamento sempre nos ten que levar ao concreto, movernos do sitio. Por iso convidamos lectoras e lectoras a seguir as indicacións e tentar levar ás súas vidas e ás dos seus grupos o que suxerimos e propoñemos.

A primeira parte recolle as Xenealoxías da Revolta, o seo materno no que nace e se desenvolve a Revolta, que estala gozosa en Barcelona en 2020, pero que é un movemento que vén de lonxe, xestado ao longo dos anos co empuxe de moitas. As mulleres sabemos de xestación, de esperar en confianza. Sabémonos en relacións de sororidade, de avanzar sostidas polas outras cando o camiño se fai difícil, de recoller froitos que outras sementaron, como nos relatan os escritos de Pili Calle e Marisa Vidal. Pechan

esta primeira parte unhas pistas de traballo para que cada unha, cada un, de forma particular ou en grupo, poida construír a súa propia xenealoxía, seguindo as indicacións de Pepa Torres.

A parte segunda, Xeografías da Revolta, abre campo e móstranos as mulleres que crecen en loitas paralelas á nosa. Nutrémonos mutuamente, por osmose ou contaxio, en diálogo co feminismo e cos movementos sociais de países diversos. Percórrenos a interseccionalidade, que nos subtrae á comodidade do discurso eurocéntrico para colocarnos diante das outras, as do sur. Así, no libro fanse presentes os discursos feministas das cristiás que viven na India, na América Andina ou México. Contamos nesta parte coas colaboracións de Kochurani Abraham, teóloga de Ecclesia of Women in Asia, a teóloga aimara Sofía Chipana Quispe, da Comunidade de Sabias e Teólogas Indíxenas de Abya Yala, e as mexicanas Marisa Noriega Cándamo e María Andrea González Benassini, da Cátedra de Teoloxía Feminista «Carmen Montull Vallés» da Universidade Iberoamericana, fundadoras de *Tras las Huellas de Sophía*.

Culminan esta segunda parte dous testemuños da Revolta: o texto de Mabel Ruiz, que fía as nosas relacións co feminismo no estado español, e o relato de Miriam Aristimuño, que nos narra como naceu o movemento da revolta en Vitoria-Gasteiz. Este último pode servir como pista de acción para o nacemento doutros grupos, por iso puxémolo no libro como código QR para poder ser descargado e lido en grupo.

A terceira parte, Políticas e Vivencias, dá corpo teórico ao que mostra a nosa práctica. A Teoloxía feminista cámbianos a mirada como ben relata a teóloga membro do consello de redacción da revista *Encrucillada* Carme Soto Varela. É unha teoloxía que pasa polo corpo e materialízase na vida. Somos corpo, vivimos e cremos desde os nosos corpos, por iso a teóloga brasileira Ivone Gebara descóbrenos como corpos en espera vixiante. Pepa Torres recolle os nosos berros e cantos, a reivindicación da Revolta que percorre os recunchos da Igrexa e ventílaos, sacando á luz a inxustiza que non queremos que permaneza oculta por máis tempo. Mercedes López escribe

sobre as políticas da confianza e do vínculo que nos sosteñen, nas que ancora o noso pensamento vital. Pecha esta terceira parte unha guía para facer os nosos propios rituais, obra de Marisa Rodríguez Pereiro.

A cuarta parte é un voo de futuro no que queremos sentir-pensar a Igrexa que soñamos. Partindo do proceso sinodal que estamos levado adiante as mulleres de todo o mundo, coordinadas polo *Catholic Women's Council (CWC)*, contamos coas colaboracións de tres mulleres que saben moito de procesos sinodais. A teóloga Pilar de Miguel Fernández, membro do *European Women Synod* e dos comités internacionais que organizaron os pasados Sínodos Europeos de Mulleres (Gmunden, 1996 e Barcelona 2003), escribe sobre o percorrido sinodal das mulleres. Teresa Casillas Fiori e Mónica Díaz Álamo, integrantes do Comité de Fala Hispánica do CWC, narran o proceso e o traballo realizado polas mulleres de todo o mundo no Sínodo das Mulleres que desenvolvemos ao longo deste ano 2022. Silvia Martínez fálanos de resistencia e creatividade, e anúncianos: «Hai moito que

podar e transformar. Nós non veremos os froitos (...) Non veremos os froitos e pagaremos un prezo (...). Porque resistir na esperanza e permanecer sempre ten os seus efectos. Chegaremos rotas, cansas e desilusionadas, porque a Igrexa desgástanos coa súa lentitude e a súa aparente indiferenza. Con todo, a planta segue crescendo, tamén no inverno, preparándose para os tempos que virán».

Nesta sección do libro planeamos o noso futuro en resistencia e creatividade, e Pepa Moleón proponnos boas prácticas na pastoral e na liturxia en base ás nosas experiencias pastorais. A última palabra téñena os soños das máis novas, na voz de María González Barral, do grupo Feminista&Cristiana, que fai un repaso de necesidades: necesitamos unha Igrexa diversa onde sandar, onde contemplar, onde esperar,... Completan esta parte, descargables en código QR, tips de supervivencia, pequenas pistas para avanzar que poden ser difundidas en redes sociais, parroquias...

O epílogo emocionado pono Mari Pau Trayner i Vilanova, do *Col·lectiu de Donas en l'Esglesia*

*per a Paritat*, unha muller que, como outras moitas, viviu e empuxou para que todo este proceso de mulleres puidese chegar desde os anos 80 do século pasado ata o día de hoxe.

Completa a obra un apertado apartado de Anexos que abre o Manifesto da Revolta de Mulleres na Igrexa, o noso documento fundacional. Tamén en formato descargable QR, «A Revolta das Mulleres nas rúas» ofrece os guións de diferentes actos celebrados pola Revolta en distintas cidades: todo un despregue de creatividade feminista disposto para ser copiado! Pecha o libro unha necesaria cronoloxía de 60 mulleres imprescindibles, seleccionadas por Pepa Torres e Marisa Vidal. Son mulleres que ao longo da Historia da Igrexa abriron e camiñaron as sendas que agora pisan os nosos pés. As súas biografías apenas están

esbozadas brevemente, nun convite aberto a mergullarse e indagar, a buscar e restituír a nosa memoria de mulleres na Igrexa.

Como última información inclúese a presentación das autoras e os enderezos web, presenza en redes sociais e contacto de todos os grupos da Revolta en España e México.

E así, coa présa da filla que agranda e fai avanzar a herdanza das súas nais, que a fai propia para levala un paso máis adiante, escribimos nós este libro, esperando deixalo en mans das seguintes xeracións. Asinámolos facendo avanzar esta revolución, bulideira e alegre, amorosa e coidadora, ata que a igualdade, a xustiza e o coidado da casa común se fagan costume na Igrexa.

**Marisa Vidal Collazo**  
Mulleres Cristiás Galegas Exeria